

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 8 de maio de 2007

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D^a. Soledad Polo Lima
D. Antonio Coello Bufill
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Couto Pérez
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día oito de maio de dous mil sete e baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde, Sr. Figueroa Vila, por ausencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(804).- RATIFICIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(805).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A UTILIZACIÓN PRIVATIVA DE DÚAS PARCELAS SITUADAS NA TERCEIRA FASE DO PLAN PARCIAL DE NAVIA PARA A IMPLANTACIÓN DE SERVIZOS DE ATENCIÓN DE PERSOAS CON PATOLOXÍAS NEUROLÓXICAS. EXPTE. 1621/241.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes emitidos pola técnica de Benestar Social de 02.04.07, polo arquitecto municipal de 19.04.06 e polo xefe da oficina de Investimentos de 02.05.07, e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 7.05.07, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar a “Asociación de Padres de Minusvalidos de la Provincia de Pontevedra APAMP” a utilización privativa da parcela denominada S-4-1 e sita na terceira Fase do Plan Parcial de Navia para destinala a ampliación de servizos de atención de persoas con patoloxías neurolóxicas, todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 05.02.07 e a oferta presentada.

2º.- Adxudicar a “Asociación de Dano Cerebral de Vigo ALENTO” a utilización privativa da parcela denominada S-4-2 e sita na terceira Fase do Plan Parcial de Navia para destinala a ampliación de

servizos de atención de persoas con patoloxías neurolóxicas, todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 05.02.07 e a oferta presentada.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

D^a. Lucía Molaes Pérez